

## **PROXECTO “SOLUCIÓNS PARA O CAMBIO CLIMÁTICO A VOZ DOS CIUDADÁNS”**

### **PROGRAMA “EUROPA PARA OS CIUDADÁNS”**

#### **IRMANAMENTO: PALAS DE REI(ESPAÑA)- SANT’ ALESSIO SICULO (ITALIA)-POSES(RUMANIA)-MEZDRA(BULGARÍA)-VINICA(ESLOVAQUÍA)**

O Concello de Palas de Rei participará en varios proxectos europeos de intercambio e irmandamento con municipios de diferentes países da Unión Europea. O alcalde Pablo Taboada, xunto con persoal municipal, desprazouse a Italia, concretamente a Sicilia, para impulsar un proxecto europeo denominado: Europe For Citizens programa 2014-2020 sobre temas medio ambientais e intercambio de ideas e solución sobre o cambio climático. Neste proxecto denominado: Sharing solutions for climate change: the voice of citizens participaron 5 concellos da Unión Europea: Sant’ Alessio Siculo (Italia), Mezdra Municipaliti (Bulgaria), Vinica municipaliti (Slovaquia), Poses municipaliti (Rumanía) xunto con Palas de Rei que acudiu representando a España.

Esta unión que serviu como xerme para impulsar importantes proxectos de intercambio e axudas europeas firmouse en días pasados na localidade siciliana de Sant’Alessio Siculo.

Este importante proxecto terá unha continuación o próximo día 13 tamén dentro do programa europeo: European for Citizens 2014-2020 no cal participan 12 países da Unión Europea e que está promocionado polas comunas de Naxos e Taormina (Sicilia). Asistirán representantes de máis dunha ducia de concellos europeos, está auspiciada pola Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

Con este proxecto de intercambio europeo e segundo nos manifesta o alcalde palense, Pablo Taboada, intentarase dar a coñecer a Palas de Rei, impulsar o seu potencial turístico e organizar e impulsar actividades que se concretarán na mellora do Medio Ambiente e en solucións para frear o cambio climático.

Noutro ámbito, cómpre destacar que o alcalde, Pablo Taboada se desprazará en datas próximas á localidade alemana de Frankfurt co fin de participar nun proxecto piloto de reciclaxe e xestión de residuos, collendo como modelo o sistema alemán de reciclaxe e protección do medio ambiente.